



BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E FORMATIVAS . EXERCICIO 2021

PRIMEIRO.- RÉXIME XURÍDICO , OBXECTO E OBXECTIVOS.

As presentes bases, que rexerán a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva para o desenvolvemento de proxectos, programas ou actividades que persigan un fin educativo pero tamén formativo, admitíndose dentro de estas as relativas a técnicas ou melloras na produción do sector primario, estarán suxeitas á Lei 38/3003 do 12 de novembro, Xeral de Subvencións (en adiante LXS), a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ao Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento que desenvolve a devandita lei, e, naquilo que non contradiga ás disposicións anteriores, á Ordenanza Reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz (BOP de 02/06/2018), e serán concedidas de acordo cos principios de obxectividade, concorrència e publicidade.

As presentes axudas se encadran nas liñas estratéxicas previstas no Plan Estratéxico de Subvencións Municipais anualidades 2021-2023, aprobado polo Pleno da Corporación en data 09 de marzo de 2020 e publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 62 de data 16 de marzo de 2020.

- Liña 2: Fomento da acción social, emerxencia social , fomento da natalidade, o acceso á educación e protección das familias
- Liña 3: Fomento do sector primario

As presentes bases teñen por obxecto regular o outorgamento de subvencións co obxectivo de apoiar o desenvolvemento de programas ou actividades educativas e formativas dirixidas a todos os grupos de idade de poboación do Concello e de calquera índole: informática e TICs, música, artesanía, idiomas, fomento de hábitos saudables, fomento da igualdade e erradicación da violencia de xénero, etc., tanto no ámbito xenérico da educación como no concreto de desenvolvemento do sector primario, que se realicen a través das asociacións de pais e nais de centros públicos educativos do Concello de Alfoz así como a través de asociacións municipais que **teñan implicación no sector primario e asociacións municipais en cuxos estatutos se recolla a actividade educativa e formativa e estén inscritos no Rexistro de Asociacións do Concello.**

A través da presente convocatoria, propónse a consecución dos seguintes obxectivos:

1.1.-Obxectivos estratéxicos (de primeiro nivel).

a) Obxectivo estratéxico:

- Apoiar a adopción de medidas de corte social, a fin de mellorar a calidade de vida das familias como núcleo social básico facilitando a consecución de cobertura de necesidades vitais sociais e educativas como medida paliativa á despoboación.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

- Fomentar e incentivar a modernización e desenvolvemento das actividades propias do sector primario no Concello, agrícola, gandeiro, forestal e hortícola.

1.2.-Obxectivos instrumentais ou específicos (de segundo nivel).

Para a consecución dos obxectivos estratéxicos, establécense as seguintes liñas de actuación:

- Fomentar o acceso a niveis educativos non obrigatorios non prestados no termo municipal, co que supón de desprazamentos e encarecemento no acceso a un dereito básico como a educación.
- Colaborar coas familias para obter a satisfacción das necesidades básicas dos menores, cando a causa determinante do risco para o seu desenvolvemento integral proceda de situacións de carencia ou insuficiencia de recursos do seu medio familiar.
- Completar o acceso á educación en condicións de igualdade nos niveis educativos obrigatorios.
- Propiciar que a poboación escolar integrada en familias dispoña do material educativo preciso para o normal desenvolvemento da súa aprendizaxe, centrando o esforzo orzamentario na educación infantil, por ser esta a franxa de idade non cuberta pola Xunta de Galicia.
- Colaborar cos centros educativos na realización de actividades de carácter formativo fóra do medio propiamente escolar, complementando as actividades académicas e ofrecéndolle aos/ás alumnos/as a posibilidade de coñecer novos lugares e recursos.
- Colaborar con Asociacións vinculadas co sector primario, agricultura, gandería, pesca, hortosilvicultura... na realización de actividades de carácter formativo para a mellora da produción, calidade, fomento da agricultura ecolóxica, etc....

1.3.- Obxectivos específicos da presente convocatoria.-

Apoiar a adopción de medidas a fin de mellorar a calidade de vida de todos os habitantes de Alfoz a través de actividades formativas e educativas que melloren os seus coñecementos, habilidades e actitudes en distintos ámbitos .

A maiores, nesta convocatoria promóvese a:

- Realización de cursos, seminarios, obradoiros, charlas formativas, etc. que permitan aos diferentes grupos de poboación adquirir novas ferramentas para mellorar a súa calidade de vida.
- Mellora da alfabetización dixital da poboación de Alfoz, rachando a brecha dixital de distintos grupos de idade e/ou acceso a recursos dixitais.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

- Favorecer a aprendizaxe ao longo de toda a vida, desde os máis pequenos e as súas familias, aos mozos, adultos e sobre todo terceira idade.
- Aproveitamento dos recursos municipais para fomentar a socialización da poboación mediante actividades formativas.
- Promover actividades formativas e educativas que favorezan a igualdade de xénero e a loita contra a violencia.

SEGUNDO.-ENTIDADES BENEFICIARIAS.

De conformidade co indicado no artigo 8.4 da Ordenanza reguladora de concesión de subvencións do Concello de Alfoz, poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases:

- Centros públicos educativos do Concello de Alfoz
- Asociacións de pais e nais.
- Asociacións municipais que teñan dentro dos seus Estatutos a realización de actividades educativas e formativas.
- Asociacións municipais que teñan implicación no sector primario .

Deben figurar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Alfoz e gozar de capacidade para levar a cabo as actividades subvencionables .

Non poderán optar a estas subvencións as persoas e entidades ás que se refiren os artigos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As asociacións solicitantes teñen que estar ao día nas súas obrigas tributarias (AEAT e Facenda), así como, coa Seguridade Social.

As entidades solicitantes non poderán ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que lles fora concedida unha prórroga.

TERCEIRO.- CONVOCATORIA E FINANCIAMENTO.

As axudas reguladas nas presentes bases concederanse con cargo aos créditos orzamentarios recollidos no vixente Orzamento Municipal para o ano 2021 , no Capítulo IV do mesmo, por unha contía máxima de 1400 euros.

De conformidade co establecido no artigo 2 da Lei Xeral de Subvencións, estas poden concederse tanto para actuacións xa realizadas como pendente de realización.

A información contable relativa á execución das distintas aplicacións orzamentarias de subvencións/axudas será exposta ao público trimestralmente no portal de transparencia na páxina web do Concello.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.



Cod. Validación: 7NYF52K3L4XD7DD4NDFQCKS | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 26



CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

4.1. Considéranse gastos subvencionables aqueles nos que concorran as tres características seguintes , de forma simultánea e acumulativa:

1º. Aqueles que sen lugar a dúbida respondan á natureza da actividade subvencionada, e dentro de estes se entenderá que son subvencionables os gastos directamente derivados da:

- Realización de viaxes de carácter educativo/cultural para os alumnos que cursen estudos nos centros públicos de educación do Concello de Alfoz.
- Adquisición de libros de texto, materiais curriculares e demais material didáctico para alumnos que cursen estudos nos centros públicos de educación do Concello de Alfoz.
- Organización de seminarios, cursos e actividades formativas en materias conexas e complementarias á educación, salvo no suposto de actividades deportivas .
- Realización de viaxes formativas ou vinculadas co eido do sector primario.
- Organización de seminarios, cursos e actividades formativas en materia conexas ao sector primario.

2º. Os gastos deben referirse a actividades desenvolvidas no exercicio 2021, os executados (e facturados) entre o 1 de xaneiro ata a data da convocatoria da presente subvención .

Polos que respecta actividades previstas para o último trimestre de 2021 aínda non desenvolvidas , os gastos comprometidos (con orzamento aprobado) dende o 1 de xaneiro ata a data da convocatoria, así como os gastos executados (facturados) ata o día 31 de decembro de 2021.

3º. Aqueles cuxo pagamento se realicen ata a data límite de xustificación .

4.2. En ningún caso o custo dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

4.3. Pola contra, non poderán ser obxecto de subvención:

- a) Inversións ou equipamentos das Asociacións.
- b) Gastos de funcionamento das mesmas. Neste sentido, non se considerarán gastos subvencionables os consumos de subministros como o teléfono, combustible , enerxía eléctrica dos locais ou calquera outro similar, pólizas de seguro xenéricas, costes de aluguer, de cotas ou taxas de inscrición en rexistros administrativos, etc.
- c) O imposto sobre o valor acrescentado (IVA) que grave os gastos subvencionables só terá a consideración de subvencionable no suposto de non ser recuperable nin compensable pola entidade beneficiaria da subvención.





d) Os intereses debedores das contas bancarias, intereses, recargos e sancións administrativas e penais, gastos derivados de procedementos xudiciais, e outros semellantes.

4.4. O/s proxecto/s ou actividade/s a subvencionar será/n aquel/es que se sinalen pola entidade no momento da solicitude. Unha vez concedida a subvención para un proxecto ou actividade concretos, non se poderán xustificar gastos correspondentes a proxectos ou actividades diferentes.

4.5 . Non se subvencionarán:

- Aquelas actividades que teñan como único ou principal obxectivo a celebración dunha comida entre os membros da asociación ou entidade cultural.
- As viaxes que non acrediten o seu carácter eminentemente educativo ou formativo.
- A realización de obras.
- A adquisición de maquinaria .
- As actividades que reciban subvención nominativa recollida nas Bases de Execución.
- Os costes de desprazamento que se efectúen en vehículos particulares.
- Doazóns ou participacións económicas de cofinanciamento de servizos educativos ou complementarios.

QUINTO.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.-Lugar de presentación de solicitudes.

As solicitudes de subvención dirixiranse ao Ilmo. Sr. Alcalde e presentaranse a través do Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das fórmulas establecidas no artigo 16.4 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.-Prazo de presentación.

O prazo para presentar as solicitudes será de **15 DÍAS NATURAIS** dende a publicación de anuncio destas bases no BOP e na Base Nacional de Datos de Subvencións . En caso de rematar nun día inhábil, este prazo entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.

3.-Documentación integrante das solicitudes.

As solicitudes deberán achegarse nos modelos normalizados que figuran como anexos





ás presentes bases e que se publicarán na sede electrónica do Concello de Alfoz (concellodealfoz.sedelectronica.es).

A mera presentación da solicitude suporá que o solicitante coñece e acepta as presentes bases da convocatoria.

A documentación a achegar para a tramitación da solicitude é :

- a) Solicitude da subvención segundo Anexo I.
- b) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.
- c) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.
- d) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- e) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- f) Copia do CIF da entidade.
- g) Declaración xurada sobre a concorrência dos criterios obxecto de valoración.
- h) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.

De existir algún defecto na solicitude ou documentación adxuntos á solicitude, seralle notificado ao interesado/a para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera considerárase desistido na súa petición despois da correspondente resolución, de acordo co disposto 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SEXTO.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.-

A unidade administrativa xestora realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos presentados polos solicitantes, entre outros, a inscrición do solicitante no Rexistro, a representatividade do Presidente ,etc..

De conformidade co indicado no artigo 28 da Ordenanza municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Alfoz, pola unidade administrativa efectuarase unha preavaliación das solicitudes na que se verificará o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de beneficiario e concluírá cun informe sobre o particular.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas correspóndelle ao Sr. Alcalde e a valoración das solicitudes corresponderalle á Comisión de Valoración, que estará constituída por:

- Presidencia: Alcaldía.
- Vogais:
- Concelleira Delegada de Educación.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

- Un concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular.
 - Un concelleiro do Grupo Municipal VIA Alfoz.
 - Un funcionario da área de Servizos Xerais (Técnico de Xestión, ou na súa substitución, Auxiliar Administrativo).
- Secretaría: a titular da Corporación, sen voz nin voto.

Todos e cada un dos membros desta comisión poderán ser substituídos polas persoas nas que delegue cada un deles.

A Comisión examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de valoración aprobados nas presentes bases, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas e formular a correspondente proposta de adxudicación a prol de aquelas que obtiveran maior valoración.

Aqueles aspectos, dúbidas ou incidencias que non queden desenvolvidos de xeito explícito nestas bases, serán resoltos pola Comisión de Valoración.

A contía da subvención que se outorgará a cada beneficiario será directamente proporcional á puntuación obtida, sen que en ningún caso se poda superar o límite por entidade ao que se alude na base 5, nin o conxunto do crédito orzamentario dispoñible que se estableza na convocatoria.

A proposta de adxudicación deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, así como a puntuación obtida por cada un, por aplicación dos criterios de valoración. Esta copia pode verificarse en sede electrónica do Concello de Alfoz.

O órgano competente para a resolución das solicitudes de subvención é o Alcalde , previa proposta da Comisión de Valoración.

O prazo máximo para resolver as solicitudes de subvención e notificar as resolucións será de un mes dende o remate do prazo establecido nestas bases para a presentación de solicitudes, en todo caso antes do 31 de decembro de 2021 ,e o silencio administrativo será desestimatorio.

Previo fiscalización pola intervención municipal, a resolución será notificada aos beneficiarios .

Para obter a cantidade económica da subvención é necesario que a cantidade económica da partida orzamentaria destinada á subvención se divida polo resultado de sumar os puntos de todos os proxectos presentados. A citada operación aritmética dará como resultado o valor dun punto. Logo multiplícase dita cantidade polo número de puntos de valoración do proxecto en cuestión.

A concesión en firme das subvencións xerará un dereito en favor do/a beneficiario/a e





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

o correlativo compromiso para o concello, compromiso que só será esixible cando se acredite o cumprimento das finalidades que motivaron a súa concesión en prazo e forma.

No prazo de cinco (5) días naturais seguintes ao da publicación da resolución, os/as beneficiarios/as das achegas deberán comunicarlle ao Concello de Alfoz, por escrito, a non aceptación. Se transcorrido ese prazo non se fixese manifestación expresa en ningún sentido, entenderase aceptada a achega concedida.

Prevese a entrega a conta de ata o 80 % do importe da subvención aprobada, mediante transferencia bancaria ao número de conta facilitado coa solicitude da subvención.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

De acordo co previsto no artigo 30 do RD 887/06, no mes seguinte ao trimestre natural en que se resolva a distribución de achegas ao abeiro desta convocatoria, procederase a publicar a relación de entidades beneficiarias, nos termos indicados en dita norma.

SÉPTIMO.- CRITERIOS OBXECTIVOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.

O procedemento asignado para a concesión das distintas solicitudes será en réxime de concorrência competitiva, mediante uns criterios de concesión das axudas referidos ao ano 2021.

O cuanto da subvención concederase segundo os puntos que obteñan de acordo cos criterios de concesión.

O “valor do punto” obtense dividindo o 100% do orzamento desta convocatoria entre o total de puntos obtidos por todas as solicitudes da mesma.

Os criterios de concesión das axudas son os seguintes:

I. VALORACIÓN ASOCIACIÓN.- (20 pto máximo)

1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, de pleno dereito, ao corrente de pago. Comunicarase por certificación do Secretario da asociación ou declaración responsable do Presidente.

- Ata 10 socios	1
- De 11 a 50 socios	2
- De 51 a 100 socios	4
- De 101 a 200 socios	6
- Máis de 200 socios	8



Cod. Validación: 7NYF52K3L4XD7DD4NDFQCKS | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 26



2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación .

- Entre 1 e 2 anos0
- De 3 a 5 anos1
- De 6 a 8 anos 2
- De 9 a 10 anos.....3
- De 11 anos a 20 anos5
- De 21 a 29 anos8
- Máis de 30 anos12

II. VALORACIÓN DA IMPLICACIÓN NO ENTRAMADO MUNICIPAL : (máx 100 pts)

1º.- En función do número de participantes nas actividades programadas. Ata 20 puntos.

- Ata 10 participantes.....4 puntos.
- De 11 a 50 participantes8 puntos
- De 51 a 100 “ 10 puntos
- Máis de 100 “ 20 puntos.

2º. En función da repercusión social das actividades. Ata 30 puntos.

- Actividades só para socios: 10 puntos.
- Actividades con prazas limitadas para socios e non socios: 20 puntos.
- Actividades abertas ao público en xeral: 30 puntos.

3º. En función do número de actuacións concretas desenvolvidas. Ata 36 puntos.

Para tales efectos computaranse tanto as realizadas no exercicio 2021, así como as previstas realizar no último trimestre de 2021, no seu caso.

Asignarase 3 puntos por cada actividade , ata o máximo de 36 puntos.

Entenderase que se levou a cabo a mesma actividade cando existan unha equivalencia no contido obxectivo da actuación .

4º. En atención da súa transversalidade co desenvolvemento municipal. Ata 14 puntos.

- Por actividades desenvolvidas dende o propio centro: 10 puntos.
- Por programar e levar a cabo actividades con periodicidade polo menos semestral : ata 7 puntos por actividade.

III.- VALORACIÓN ORZAMENTARIA.- (Máximo 30 puntos)

1.- Subvencións doutras Administracións ou Entidades Públicas en 2021.





- Ningunha subvención ou axuda económica 5
- Subvención ou axuda económica ata 3500 euros 2
- Subvención ou axuda económica superior a 3500 euros.0

2.- Gastos Totais Realizados (xustificados con facturas) no ano 2021 (engadidos os orzamentados comprometidos para o último trimestre) .

- Ata 2.000 euros 5
- De 2.000 a 6.000 euros 8
- De 6.001 a 10.000 euros 13
- De 10.001 a 15.000 euros18
- Máis de 15.000,01 euros25

Dividirase o orzamento dispoñible para Subvencións a asociacións entre o total de puntos sumadas por todas as asociacións que opten a elas. Iso arrojará o valor en euros por punto. A continuación multiplicarase ese valor obtido polos puntos sumados por cada asociación. O resultado que resulte será a subvención que se concederá a cada asociación. Sexa cal for esa cifra, en ningún caso poderá superar o 100% do orzamento das actuacións subvencionadas, entendendo como tal a diferenza entre os gastos acadados e os ingresos obtidos.

OITAVA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Unha vez publicada a concesión da subvención e sempre dentro dos prazos máximos establecidos, a entidade beneficiaria estará obrigada a:

- a) Realizar a actividade subvencionada, no caso de tratarse de actuacións con gastos comprometidos que teñan previsto a súa realización no último trimestre de 2021.
- b) O cumprimento dos requisitos mínimos establecidos nesta convocatoria.
- c) Comunicar con polo menos quince días de antelación calquera modificación do lugar ou a data de celebración da actividade, salvo causas sobrevidas que teñan imposible realizar dita comunicación co prazo descrito.
- d) Aportar os datos que se soliciten por parte da Alcaldía no referente á preparación, desenvolvemento e organización da actividade.
- e) Cumprir todas as normas establecidas na Lexislación aplicable de Subvencións, nas Bases desta convocatoria.
- f) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a responsabilidade persoal da persoa que subscriba a solicitude de subvención.
- g) Deberán empregar o logotipo do Concello de Alfoz, ou outro que se acorde, en todas as actividades e comunicacións que teñan promovido e que promovan, así como facer constar a colaboración do Concello de Alfoz en todas as publicacións, carteis e documentación impresa .
- h) Autorizar a publicación da información detallada sobre o proxecto de actividade a desenvolver ou sobre a actividade desenvolvida na web do Concello de Alfoz ou en





calquera outro medio ou soporte.

i) Unha vez outorgadas as subvencións, o Concello de Alfoz, a través dos seus servizos municipais, poderá comprobar a adecuación do destino da subvención procedendo, no suposto de non adecuarse ao prefixado, á revogación da subvención concedida e á inhabilitación da entidade para os efectos de non poder volver solicitar do Concello de Alfoz novas peticións.

j) Prestar o servizo de xestión baixo os principios de transparencia, eficacia, eficiencia, calidade, seguridade e bo goberno.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

1.-PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

O prazo de xustificación finalizará o 1 de marzo de 2022.

2.-DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

A obriga de xustificar a achega concedida deberá ser cumprida mediante a presentación da correspondente MEMORIA XUSTIFICATIVA, de acordo co modelo que se recolle como ANEXO IV destas bases, á que se engadirá a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas nestas bases así como, se é o caso, na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Facturas de gasto e demais documentos de valor probatorio equivalentes no tráfico xurídico mercantil, con acreditación de terse realizado o pago. Non se admitirá tickets ou facturas simplificadas non nominativas.

As facturas deberán ser datadas dentro do exercicio 2021, e deberán conter o número de identificación fiscal do perceptor, selos e sinaturas dos subministradores, ademais de unha relación unitaria dos traballos realizados ou bens subministrados co importe unitario e o IVE desagregado.

Non se permitirán pagos en efectivo por importe superior a cincocentos euros. No caso de realizar pagos en efectivo, no documento xustificativo deberá figurar a expresión “recibín en metálico” ou “pagado”, así como, firma e selo do emisor/proveedor.

Para os efectos do indicado no artigo 31 da lei 38/03, do 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto efectivamente realizado o documentado segundo o indicado no parágrafo anterior.

3. En caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:

- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.





CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

- Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

4. Carteis e/ou folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade. A difusión da actividade deberá ser levada a cabo en lingua galega, facéndose constar en todo caso a colaboración do Concello de Alfoz .

5. Orixinal ou copia dos certificados acreditativos do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

6. Declaración responsable do representante da entidade, se é o caso, de que está asumindo o custe do IVE derivado dos gastos subvencionables da actividade por non ter a posibilidade de recuperalo ou compensalo.

3.- REXISTRO DA DOCUMENTACIÓN.

As xustificacións deberán presentarse no Rexistro do Concello de Alfoz_ de acordo co establecido na Lei 39/15, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para os efectos da xustificación documental, admitiranse copias sempre que en cumprimento do disposto no artigo 73 do regulamento de desenvolvemento da lei de subvencións, con carácter previo ao rexistro da xustificación e a elaboración da copia, se reflectise sobre o orixinal da factura unha estampíña co selo do concello de Alfoz.

4.-TRAMITACIÓN DA XUSTIFICACIÓN.

Á vista da documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades ou investimentos subvencionados e, se a documentación é correcta, procederase á aprobación, se é o caso, das xustificacións presentadas.

Para o cobro da subvención as entidades beneficiarias deberán ter ao corrente as súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Alfoz.

DÉCIMA.- REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS.

As subvencións serán reintegradas nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

UNDÉCIMA.- OUTRAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS.

As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras que puideran obter as entidades beneficiarias doutras administracións públicas, sempre e





CONCELLO DE ALFOZ
A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

cando o importe total do conxunto das mesmas non supere o custe da actividade ou investimento subvencionado.

Sen prexuízo do anterior, as actividades para as que se solicite esta achega non poderán acollerse a outras convocatorias do concello de Alfoz.

DUODÉCIMA.- RÉXIME SANCIONADOR.

Os/as beneficiarios/as de subvencións quedarán sometidos ás responsabilidades e réxime sancionador disposto na Lei Xeral de Subvencións e, se é o caso, ao disposto no Código Penal (Lei Orgánica 10/85).

DISPOSICIÓN ADICIONAIS.

Disposición adicional primeira.

A falta de xustificación na forma e nos prazos sinalados poderá ocasionar as responsabilidades que correspondan.

As entidades beneficiarias de subvencións concedidas polo Concello quedarán obrigadas a someterse a todas as actuacións que este poida acordar para comprobar que os fins ós que se dedica a subvención se corresponden cos fins para os que se solicitara e concedera a axuda, e para verificar que se cumpran todas as condicións esixidas para a concesión da subvención ou axuda.

O Concello de Alfoz quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións ás que estean obrigadas os beneficiarios das subvencións outorgadas.

Disposición adicional segunda.


Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas bases de execución do orzamento xeral do Concello a para o exercicio de 2021, na Lei 38/2003, xeral de subvencións, no seu Regulamento e na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza municipal de concesión de subvencións do Concello de Alfoz

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E FORMATIVAS 2021 CONCELLO DE ALFOZ .
--

ANEXO 1

SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN

Nome da persoa que presenta a solicitude	NIF
--	-----





CONCELLO DE ALFOZ
A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

(Presidente da asociación).	
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Actuando en representación de (datos da entidade solicitante):

Nome	CIF
Enderezo	Localidade
Nº de Rexistro Municipal de Asociación	Nº de asociados
Secretario	Enderezo electrónico

Tendo coñecemento da liña de axudas convocadas polo Concello de Alfoz para o desenvolvemento de proxectos, programas ou actividades que persigan un fin educativo pero tamén formativo, admitíndose dentro de estas as relativas a técnicas ou melloras na produción do sector primario , **SOLICITO** ao abeiro da mesma a concesión dunha achega para a realización das actividades indicadas a continuación:

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN:

Para o que aporto a seguinte documentación:

- a) Memoria explicativa da actividade que se vai realizar de conformidade co Anexo II.
- b) Declaración responsable do representante legal da entidade segundo ANEXO III.
- c) Copia do documento nacional de identidade do representante da entidade.
- d) Declaración xurada do representante de axudas/subvencións ou patrocinios (sen achega económica) solicitadas e concedidas por outras administracións para a mesma actividade.
- e) Copia do CIF da entidade.
- f) Declaración xurada sobre a concorrencia dos criterios obxecto de valoración.
- g) Certificación bancaria da conta na que teña que efectuarse o ingreso da subvención.



Cod. Validación: 7NYF52K3LJ4XD7DD4NDFQCKS | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 26



En Alfoz, a _____ de _____ de 2021.

Asdo.

SR ALCALDE- PRESIDENTE CONCELLO DE ALFOZ.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E FORMATIVAS EXERCICIO 2021 CONCELLO DE ALFOZ .

ANEXO II MEMORIA DA ACTIVIDADE

Deberase describir, DE XEITO SUFICIENTEMENTE DETALLADO, a actividade para a que se solicita a subvención, así como o fin ou obxectivo que se acadou ou que preténdese acadar cos mesmos, de feito que resulte posible contrastar a súa efectiva consecución. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non fora suficiente, poderán empreñarse os documentos que resulten precisos, que serán presentados xunto con esta solicitude.

Deberase dar unha denominación xenérica ao proxecto presentado (exemplo, actividades educativas / formativas ano XX,) e cubrirase para cada unha das actividades concretas, no caso de ser varias, unha memoria descritiva para cada unha de elas.

No suposto de tratarse de actividades a desenvolver no último trimestre de 2021 cubrirase o último dos cadros .

En canto aos documentos xustificativos do gasto (facturas, ou orzamentos no caso de actividades a desenvolver no último trimestre) pódese optar por presentar neste momento as copias compulsadas das facturas ou ben na fase de xustificación da subvención concedida, onde en todo caso se deberán aportar as facturas compulsadas e os xustificantes de pagamento).

MEMORIA ANO 2021

DENOMINACIÓN:

SOLICITANTE :

ACTIVIDADES ENGADIDAS (RESUMO)(ENGADIDAS AS PREVISTAS PARA O ULTIMO TRIMESTRE 2021) .





CONCELLO DE ALFOZ
A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

ANUALIDADE	DENOMINACIÓN

GASTOS IMPUTABLES

ANUALIDADE	DENOMINACIÓN	IMPORTE A SUBVENCIONAR (COSTES MENOS INGRESOS)
	TOTAL PROXECTO	

MEMORIA DESCRIPTIVA DA ACTUACIÓN

(Engadir unha Memoria por actividade concreta)

Anualidade	2021.
Actividade	
Datas:	
Lugar:	
Usuarios destinatarios:	
Breve descripción da actuación(programación,	



Cod. Validación: 7NYF5ZK3LJ4XD7DD4NDFQ9CKS | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 26



desenrrolo, hora de comezo e finalización, concreción do obxectivo da actuación ,ámb ito territorial,...	
Resultados obtidos:	

CONTA XUSTIFICATIVA
GASTOS DA ACTIVIDADE CONCRETA

CONCEPTO	CONTÍA	CIF PROVEEDOR(*)	NºFACTURA(*)	DATA PAGAMENTO (no seu caso)





TOTAL				
-------	--	--	--	--

(*) Se acompañarán de copias compulsadas das facturas orixinais seladas e asinadas (non se admiten tickets nin facturas simplificadas non nominativas nin as que se expidan a nome de persoa distinta do beneficiario)

As facturas deben ser expedidas no mesmo exercicio , e deben conter o numero de identificación fiscal do perceptor, selo e sinatura do subministrador, relación unitaria de traballos realizados ou bens subministrados , importe unitario, importe total e IVE (ou declaración de estar exento).

(*)Se acompañarán de copias compulsadas dos documentos orixinais xustificativos do pagamento , que será de carácter bancario no suposto de que o seu importe exceda dos 500 euros, ou ben coa lenda recibí ou pagado na mesma factura, asinada e selada polo emisor.

No caso de ter obriga de levar libros de contabilidade, deberá presentarse certificado da persoa competente sobre a anotación do citado gasto.

DECLARACIÓN DE AXUDAS OU SUBVENCÍONS DO CONCELLO E DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS DA ACTIVIDADE CONCRETA

CONCEPTO	CONTÍA	ESTADO DA SUBVENCION S (Solicitada) C (Concedida)
TOTAL		

INGRESOS DA ACTIVIDADE CONCRETA

CONCEPTO	CONTÍA	ESTADO DA SUBVENCION (no seu caso) S (Solicitada) C (Concedida)	ANUALIDADE ACTUACIÓN





TOTAL			
-------	--	--	--

SUPOSTO DE ACTIVIDADES A REALIZAR NO CUARTO TRIMESTRE 2021

Actividade		
Datas:		
Lugar:		
Usuarios destinatarios:		
Breve descripción da actuación (programación, desenrolo, hora de comezo e finalización, concreción do obxectivo da actuación, ámbito territorial,...		





CONCELLO DE ALFOZ
A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Resultados PREVISTOS:		

GASTOS: PREVISIÓN CUARTO TRIMESTRE 2021

ORZAMENTO ESTIMADO DE GASTOS 4º TRIMESTRE 2021


CONCEPTO	CONTÍA
TOTAL	

DECLARACIÓN DE AXUDAS OU SUBVENCIONES DO CONCELLO E DOUTRAS ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

CONCEPTO	CONTÍA	ESTADO DA SUBVENCIÓN S (<i>Solicitada</i>) C (<i>Concedida</i>)
TOTAL		

INGRESOS ESTIMADOS 4º TRIMESTRE 2021

CONCEPTO	CONTÍA	ESTADO DA SUBVENCIÓN seu caso)





CONCELLO DE ALFOZ
A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

		S (Solicitada) C (Concedida)
TOTAL		

En Alfoz, a de de 2021.
Asdo.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E FORMATIVAS EXERCICIO 2021 CONCELLO DE ALFOZ

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE DO PRESIDENTE DA ENTIDADE

Nome	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Presidente da seguinte asociación, e actuando na súa representación (datos da entidade):

Nome	CIF
------	-----

DECLARO:

- Que COÑEZO E ACEPTO as bases da convocatoria promovida polo Concello de Alfoz para a promoción de actividades educativas e formativas no exercicio 2021, e que non estou incurso de incompatibilidade ou incapacidade algunha para contratar e percibir subvencións da administración pública.
- Que a entidade por min representada está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, non estando incurso en ningunha outra causa que





supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiario dunha achega ao abeiro da presente convocatoria.

- Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades ou investimentos subvencionados o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Alfoz , inserindo o seu logo oficial en todo o material que se utilice para dita difusión.
- Que a entidade por min representada se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello da Alfoz poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

_____, ____ de _____ de 2021.
O/A PRESIDENTE DA ENTIDADE

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E FORMATIVAS EXERCICIO 2021 CONCELLO DE ALFOZ.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE EXECUCIÓN E DE OUTRAS AXUDAS


D. _____, con
NIF: _____, en calidade de solicitante/ representante da subvención
indicada, declaro baixo a miña responsabilidade que:

- ☐ Non se solicitou nin se obtivo ningunha outra axuda ou subvención de ningunha outra Administración Pública .
- ☐ Que solicitouse axuda ou subvención a _____ por importe de _____.
- ☐ Que foi concedida axuda ou subvención por _____ pola CONTÍA de _____ euros. Se aporta copia compulsada da resolución de concesión da subvención.

En Alfoz,a de de 2021.

Asdo.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS
--





E FORMATIVAS EXERCICIO 2021 CONCELLO DE ALFOZ

DECLARACIÓN XURADA CONCORRENCIA CRITERIOS OBXECTIVOS DE VALORACIÓN

D. _____, con NIF: _____, en calidade de solicitante/ representante da subvención indicada, declaro baixo a miña responsabilidade que, respecto da actuación denominada: (no seu caso poderá cubrirse tantas declaracións xuradas como actividades distintas se efectúen)

Son certos e concorren os seguintes datos :

Anualidade	2021
1º.- Número de socios ou de compoñentes da Asociación, de pleno dereito, ao corrente de pago	
2º.- Antigüidade desde que se constituíu como Asociación .	
3º. Número de participantes nas actividades programadas	
4º.- Repercusión social das actividades: a. Actividades só para socios. b. Actividades con prazas limitadas para socios e non socios. c. Actividades abertas ao público en xeral.	
5º.- Número de actuacións concretas desenvolvidas	
6º.- Actividades desenvolvidas dende o centro	
7º.- Actividades periodicidade semestral.	
8º.- Subvencións doutras AAPP	
9º.-Gastos totais realizados	

En Alfoz, a de de 2021.
Asdo.

CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES EDUCATIVAS E FORMATIVAS





CONCELLO DE ALFOZ
A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

EXERCICIO 2021 CONCELLO DE ALFOZ

CONTA XUSTICATIVA(anexo IV) DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE:

Nome	NIF
Enderezo	Municipio
Tfno.	Enderezo electrónico

Nome Entidade beneficiaria:	CIF
-----------------------------	-----

DECLARO:

Que foron efectuadas as actividades financiadas ca achega concedida polo Concello de Alfoz para a promoción de actividades educativas e formativas ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2021, resultando acadados os obxectivos propostos.

Que a relación de gastos e ingresos na que ten incorrido a asociación por min representada é a que se reproduce a continuación:

GASTOS EFECTUADOS.(Se achegan copias compulsadas das facturas e dos xustificantes de pagamento)

Expedidor da factura (con CIF)	Nº de factura	Data de expedición	Concepto	Importe	Data de pagamento



Cod. Validación: 7NYF52K3LJ4XD7DD4NDFQ6CKS | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 26



			Total gastos		

- No caso de que as actividades subvencionadas se efectuasen a través de persoal contratado para tal efecto:
- Orixinal ou copia compulsada dos contratos de traballo.
- Copias compulsadas das nóminas aboadas e dos boletíns de cotización á seguridade social TC1 e TC2, así como dos documentos bancarios acreditativos dos correspondentes pagos (extractos ou cargos bancarios).

INGRESOS QUE FINANCIARON A ACTIVIDADE.

Subvencións.(Copia compulsada da resolución de concesión e /ou xustificante bancario)

Administración concedente.-	Importe.-
Total _____	€

Outros ingresos que financiaron a actividade.

Tipo de ingreso	Importe.-
Total _____	€

_____, ____ de _____ de 2021.
O/A representante da entidade.



CONCELLO DE ALFOZ

A Seara, s/n
27776 Alfoz (Lugo)
Tel.: 982 558 581 Fax: 982 558 504
E-mail: concello.alfoz@eidolocal.es
www.concellodealfoz.com

Se achega coa presente:

- Carteis e/ou folletos informativos que se utilizaran para publicitar a actividade. A difusión da actividade deberá ser levada a cabo en lingua galega, facéndose constar en todo caso a colaboración do Concello de Alfoz .
- Orixinal ou copia dos certificados acreditativos do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Igualmente, por medio da presente se formula declaración responsable como representante da entidade de que _____ (SI/NON) está asumindo o custe do IVE derivado dos gastos subvencionables da actividade por non ter a posibilidade de recuperalo ou compensalo.

En Alfoz, a 18 de novembro de 2021.

O Alcalde

Asdo. Jorge Val Díaz.



Cod. Validación: 7NYF52K3LJ4XD7DD4NDFQ8CKS | Corrección: <https://concellodealfoz.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 26